



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O
DÍA VINTESEIS DE XULLO DE DOUS MIL DOCE**

NÚM. 007/2012

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D. Manuel Pavón López. D^a Mercedes Josefina González Alonso. D^a María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José Ramón Val Alonso. D^a Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D^a Ana María López Campoamor. D^a María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p>Non asiste o Concelleiro D. José María García Rivera.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA- en réxime de acumulación</u> D^a Ana Ramos Ramos.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do vinteseis de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación en réxime de acumulación, D^a Ana Ramos Ramos, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	--

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 28 DE XUÑO DE 2012.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2012, e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Non producíndose observación algunha, queda aprobada por unanimidade a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

2.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 26/06/2012 ATA O 23/07/2012.-

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 26/06/2012 ao 23/07/2012 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

3.-RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2012.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas, que funciona simultaneamente como Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, en sesión celebrada o día 19 de xullo de 2012, que no seu literal indica:

“En aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2012.

<i>Bolsa Vinculación</i>	<i>Denominación</i>	<i>C. Disponible 2012</i>	<i>Importe REC 01/2012</i>
<i>1.2</i>	<i>Servizos públicos básicos. Gastos en bens correntes e de servizos</i>	<i>749.692,96</i>	<i>299.683,32</i>
<i>1.6</i>	<i>Servizos públicos básicos. Inversións de capital</i>	<i>146.506,17</i>	<i>22.926,76</i>
<i>2.1</i>	<i>Actuacións de protección e promoción social. Gastos de persoal</i>	<i>69.284,52</i>	<i>658,58</i>
<i>2.2</i>	<i>Actuacións de protección e promoción social. Gastos en bens correntes e de servizos</i>	<i>179.508,54</i>	<i>34.711,35</i>
<i>3.2</i>	<i>Produción de bens públicos de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos</i>	<i>206.524,84</i>	<i>118.213,15</i>
<i>3.4</i>	<i>Produción de bens públicos de carácter preferente. Transferencias correntes</i>	<i>99.353,04</i>	<i>486,00</i>
<i>9.2</i>	<i>Actuacións de carácter xeral. Gastos en bens correntes e de servizos</i>	<i>125.283,44</i>	<i>13.254,48</i>
<i>9.4</i>	<i>Actuacións de carácter xeral. Transferencias correntes</i>	<i>19.216,19</i>	<i>11.110,60</i>
<i>TOTAL REC 01/2012</i>			<i>501.044,24</i>



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Visto e considerando o informe con reparos emitido polo Interventor Municipal de data 13 de xullo de 2012.

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas pola Administración, foron executadas a satisfacción desta e os seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 por importe de 501.044,24 euros, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

- 1. Relación de facturas 33/2012 por importe de 402.741,39 euros, que consta de 41 páxinas e comeza pola factura con nº rexistro 564 de OFIFOZ SL por importe de 77,21 euros e remata pola nº de rexistro 979 de AUGUSTO ARNAU LEAL por importe de 268,00 euros.*
- 2. Relación de facturas 34/2012 por importe de 63.278,77 euros, que consta de 10 páxinas e comeza pola factura con nº rexistro 4 de COMERCIAL RAYMAR por importe de 53,86 euros e remata pola nº de rexistro 2158 de MARÍA JESÚS PENA LÓPEZ por importe de 91,39 euros.*
- 3. Relación de facturas 33/2012 por importe de 402.741,39 euros, que consta de 41 páxinas e comeza pola factura con nº rexistro 564 de OFIFOZ SL por importe de 77,21 euros e remata pola nº de rexistro 979 de AUGUSTO ARNAU LEAL por importe de 268,00 euros.*
- 4. Canon de saneamento da Xunta de Galicia do exercicio 2010 correspondente ás instalacións dependentes do Concello de Foz posto de manifesto nas facturas achegadas por GESTAGUA SA e contidas no expediente, por un importe de 1.413,91 euros, aplicables á partida 920.209.*
- 5. Débedas por importe de 11.110,60 euros que corresponden ás cotas extraordinarias dos exercicios 2009 e 2010, así como as ordinarias de 2009, adebedadas á Mancomunidade de Municipios da mariña Lucense, imputables á partida 945.463*

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2012 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados de facturas, nas que se realizará a correspondente retención.

Unha vez rematado a quenda de debate, o Presidente somete a votación o recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2012 co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (PP)

Abstencións: 3 (2 PSOE, 1 UNIFOZ)”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. Alcalde defende o contido da proposta.

O Sr. Val do PSOE indica que parece polo indicado polo Alcalde que todo é herdado, cando hai gasto do actual equipo de goberno. Dubida de cómo se vai contemplar ou imputar este



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

recoñecemento extrajudicial no orzamento actual, como xa indico una comisión informativa, e quere que se aclare antes de votar.

O voceiro de UNIFOZ indica que se tenta xustificar que se quedan fora de contabilidade e se gastaron máis de 500.000 euros cando non había esa cantidade nos orzamentos; antes decíase que este tipo de situacións non eran correcto; afirma que o PP goberna a golpe de talonario por eso quedan facturas fora de contabilidade, e menciona a modo de exemplo o eido cultural. Pide que se asuma a responsabilidade cando antes se criticaron 288.000,00 euros do anterior equipo de goberno, agora con 500.000,00 euros se pide que se vote a favor; non saben gobernar doutro xeito, conclúe a intervención.

O voceiro do BNG indica que noutros expedientes de recoñecemento se decía que non se debía de facer así, e o BNG sigue decindo que non son expedientes adecuados e que contradicen o que predica o PP de que hai control de gasto e déficit; indica que xa sabe que no ano 2013 virá outro expediente de recoñecemento. Indica que hai outro punto importante, que é que se incumple a lexislación vixente en canto a contratación, como en recadación de multas, limpeza, mantemento de ascensores... e hai que regularizalos e sacalos a concurso público e depurar responsabilidades. A culpa, dí, non é de quen fai a factura e pide que sexan serios e se cumpla a lei.

O Sr. Alcalde en segundo turno de intervencións indica que dos 500.000,00 euros que quedan fora da contabilidade o 60% é do ano anterior que é acumulativo ao deste ano. No orzamento de 2011 quedaron 300.000,00 euros sen gasto, e se trata de partidas que non se axeitaban aos gastos, como exemplo menciona o alumeadado público que se vai acumulando do ano anterior o exceso e non se pode baixar, o gasto de papelería, de gasoleo, reparacións... partidas que sufriron un desaxuste, pero houbo partidas que non se gastaron. O PP gobernou 6 meses o ano anterior, e os outros 6 meses houbo un goberno do PSOE, pero non se trata de eso, do que se trata é de axustar estes gastos no orzamento actual. Hai que ter en conta, continúa que se detraeron dende setembro a participación nos tributos do Estado, e por recomendación do interventor se deixaron créditos no orzamento deste ano, para estas partidas. O BNG di que non hai control do gasto e o Alcalde di que houbo unha redución enorme do gasto, como por exemplo menciona os gastos en festas, pero a redución de gastos foi xeral. A maioría destas facturas son de gasto corrente. O recoñecemento extraxudicial de créditos o PP noutros anos non o votou pero finalmente se aprobaron por responsabilidade política para que os provedores non teñan que pagar danos económicos porque non haxa crédito.

O voceiro do PSOE, Sr Val indica que se absterá o seu grupo porque o gasto está feito e agora os provedores teñen que cobrar, anque non está de acordo coa xustificación que se da do expediente. Propón que se teña en conta resolver reparos de intervención e se fagan propostas de gasto antes de facer os gastos, e espera que no futuro estas cantidades tan grandes non esteñan fora de contabilidade, e indica que se puido facer unha modificación orzamentaria.

O voceiro do BNG reitérase no dito na intervención anterior e cando o xa dito se resolva se votará a favor, mentras non.

O Sr. Alcalde indica que hai servizos que van máis rápido que o propio procedemento como en servizos sociais, ou alumeadado público, pero non hai mala intención senón necesidades do servizo

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Votos a favor: 5 (PP)
Votos en contra: 1 (BNG)
Abstencións: 6 (3, PSOE; 3 UNIFOZ)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 por importe de 501.044,24 euros, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

6. **Relación de facturas 33/2012 por importe de 402.741,39 euros, que consta de 41 páxinas e comeza pola factura con nº rexistro 564 de OFIFOZ SL por importe de 77,21 euros e remata pola nº de rexistro 979 de AUGUSTO ARNAU LEAL por importe de 268,00 euros.**
7. **Relación de facturas 34/2012 por importe de 63.278,77 euros, que consta de 10 páxinas e comeza pola factura con nº rexistro 4 de COMERCIAL RAYMAR por importe de 53,86 euros e remata pola nº de rexistro 2158 de MARÍA JESÚS PENA LÓPEZ por importe de 91,39 euros.**
8. **Relación de facturas 33/2012 por importe de 402.741,39 euros, que consta de 41 páxinas e comeza pola factura con nº rexistro 564 de OFIFOZ SL por importe de 77,21 euros e remata pola nº de rexistro 979 de AUGUSTO ARNAU LEAL por importe de 268,00 euros.**
9. **Canon de saneamento da Xunta de Galicia do exercicio 2010 correspondente ás instalacións dependentes do Concello de Foz posto de manifesto nas facturas achegadas por GESTAGUA SA e contidas no expediente, por un importe de 1.413,91 euros, aplicables á partida 920.209.**
10. **Débedas por importe de 11.110,60 euros que corresponden ás cotas extraordinarias dos exercicios 2009 e 2010, así como as ordinarias de 2009, adebedadas á Mancomunidade de Municipios da mariña Lucense, imputables á partida 945.463**

SEGUNDO.- Aplicar, con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2012 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados de facturas, nas que se realizará a correspondente retención.

4.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE FOZ.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas, que funciona simultaneamente como Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, en sesión celebrada o día 19 de xullo de 2012, que no seu literal indica:

“Por esta Alcaldía sométese a estudo da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de ensino na escola municipal de música, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.”



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

A orixe da modificación é a necesidade de adaptar o prezo establecido na Ordenanza á situación económica que vive o Concello de Foz e á realidade do servizo que se presta, no que non se achega a recadación ao custe real do mesmo, como marca o artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que esixe en principio que o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo ou actividade realizada.

Todo isto en aras, como non pode ser doutro xeito, a tratar de conservar unha actividade como é a do ensino de música na escola municipal, cunha gran tradición no concello, que non pode perderse sexa cal sexa a situación conxuntural, pero si pode existir un pequeno sacrificio aos usuarios da mesma.

Por todo o anterior, o axuste proposto será un incremento do 50% dos prezos regulados no artigo 3, e no caso dos alumnos que formen parte da banda de música, reducir a súa bonificación na tarifa por instrumento a un 50%.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de ensino na escola municipal de música, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSINO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

Artigo 3.- Contía

A contía do prezo público fíxase individualmente para cada unha das materias que se imparten na Escola, e conforme á seguinte tarifa: prezo da matrícula será de 100,80 euros/anuais por clases de solfexo para menores de 16 anos e de 135,00 euros/anuais para maiores de 16 anos; e de 100,80 euros/anuais por instrumento para menores de 16 anos e de 135,00 euros/anuais para maiores de 16 anos que se aboarán á hora da matrícula.

Ditas tarifas serán automaticamente e anualmente revisadas en función do IPC, determinado polo Instituto Nacional de Estatística.

Os alumnos da Escola Municipal de Música que pertencen á Banda da Escola terán unha bonificación do 50% do prezo da tarifa por instrumento.

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a publicación.

O Señor Val Alonso, propón contemplar a posibilidade de fraccionar en cotas o pagamento da matrícula.

A Señora Veiga Varela suxire que se suba o IPC, xa que se mantén igual dende o ano 2008. Tamén propón que se recoñeza algún tipo de bonificación para as familias que teñan máis dun membro matriculado.

Rematado a quenda de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, Modificación ordenanza fiscal reguladora do prezo da Escola Municipal de Música de Foz, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (3 PP)

Votos en contra: 1 (1 UNIFOZ)

*Abstencións: 2 (2 PSOE)”.
Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:*

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. Alcalde defende o contido da proposta.

O Sr. Val do PSOE indica que xa se dixo na xunta de voceiros que non se estaba de acordo con esta suba xa que é considerable; poderíase aceptar unha suba do IPC acumulado pero non esta suba. Hai entre 80-90 rapaces que están aprendendo algo importante para o seu futuro. Aceptaría unha suba máis leve porque isto implicaría que o comezo do curso será máis duro este ano. Se pode buscar financiamento por publicidade ou por outras administracións; esta suba non é asumible.

O voceiro de UNIFOZ indica que haberá case 10.000,00 euros menos porque o director xa non estará de baixa o ano que ven, e anque indica que se trata dun servizo deficitario é importante que se preste e hai outras fórmulas como que haxa máis alumnos, axustar o número de profesores ás matriculas que haxa. A cantidade total é unha suba importante e anque o Alcalde di que non lle gusta subir impostos, él dubídao. Non se pode esquecer das subas que está habendo en impostos que teñen repercusións nas familias. Estaría conforme con subir o IPC acumulado e pretende que se inclúa unha bonificación para o segundo membro da familia que asista á escola de música. Subir taxas pode destruír o rédito que se da a Foz por ter escola de música.

O voceiro do BNG indica que é coherente esta suba coa política fiscal do PP, pero non coa do BNG. Todas as subidas que se están aprobando implican entre cen ou douscentos euros ao mes máis e non se fala de subas de impostos a rendas máis altas e se suben as taxas dunha escola de música que non cofinancia nin o Estado, nin a Xunta e que hai que pagar o 100 % polo concello e propón bonificar a membros da banda de música municipal progresivamente ata en 5 anos que se recauda o 100%, e se bonifique igualmente a xente que teña problemas económicos nun 100 %.

O Alcalde en turno de palabra indica que crée que é lóxico reequilibrar taxas e indica que se trata de taxas moito máis baixas que as de Lugo que se publicaron estes días; califica as mesmas



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

como de equilibradas e normales, e afirma que non se pode contemplar que o ano que ven non esté de baixa o director, xa que é unha previsión que non se sabe. Propón enmenda da suba da proposta da alcaldía e aceptar a suba do IPC acumulado.

O voceiro de UNIFOZ pregunta neste momento porqué non se contempla a subvención da Xunta nos ingresos, ao que o Sr. Alcalde contesta que é porque o ano pasado non se percibiu e este está solicitada pero non se concedeu.

O voceiro do PSOE propón engadir o fraccionamento do pago e a suba do IPC acumulado

O voceiro do BNG somete a seguinte proposta: a bonificación por criterios de capacidade económica.

Entre todos os grupos presentes no Pleno propónse a votación a seguinte enmenda da proposta de acordo:

- Aplicar unha suba nas tarifas do IPC non aplicado dende o ano 2008.
- Bonificación aos membros da banda municipal de música de Foz con respecto ás asignaturas directamente relacionadas coa súa participación como membros da Banda: no primeiro ano o 50% do desconto, o segundo ano o 60%, o terceiro ano o 70%, o cuarto ano o 80% e no quinto e sucesivos o 100% de desconto.
- Por criterios xenéricos de capacidade económica das unidades familiares dos suxeitos pasivos con obriga de satisfacer a taxa por ensinanzas na Escola municipal de música de Foz, establécense as seguintes bonificacións que afectarán a un máximo de tres asignaturas por alumno/a, sendo que as asignaturas cuarta e seguintes aboarán a totalidade da taxa:
 - Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos que non superen o SMI vixente en cada momento recoñécese unha bonificación do cento por cento da taxa.
 - Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos superiores ao SMI pero inferiores ao 150 % do mesmo, sempre que na unidade familiar estean integrados dous ou máis fillos, recoñécese unha bonificación do 50% da taxa.
- Fraccionamento do pago da taxa a solicitude do interesado.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (5 PP, 3, PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG): Unanimidade dos membros presentes.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de ensino na escola municipal de música, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSINO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Artigo 3.- Contía

A contía do prezo público fíxase individualmente para cada unha das materias que se imparten na Escola, e conforme á seguinte tarifa: prezo da matrícula será de 73,79 euros/anuais por clases de solfexo para menores de 16 anos e de 98,82 euros/anuais para maiores de 16 anos; e de 73,79 euros/anuais por instrumento para menores de 16 anos e de 98,82 euros/anuais para maiores de 16 anos que se aboarán á hora da matrícula

Establécense as seguintes bonificacións en relación coas tarifas anteriores:

- *Bonificación aos membros da banda municipal de música de Foz con respecto ás asignaturas directamente relacionadas coa súa participación como membros da Banda: no primeiro ano o 50% do desconto, o segundo ano o 60%, o terceiro ano o 70%, o cuarto ano o 80% e no quinto e sucesivos o 100% de desconto.*
 - *Por criterios xenéricos de capacidade económica das unidades familiares dos suxeitos pasivos con obriga de satisfacer a taxa por ensinanzas na Escola municipal de música de Foz, establécense as seguintes bonificacións que afectarán a un máximo de tres asignaturas por alumno/a, sendo que as asignaturas cuarta e seguintes aboarán a totalidade da taxa:*
 - *Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos que non superen o SMI vixente en cada momento recoñécese unha bonificación do centro por cento da taxa.*
 - *Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos superiores ao SMI pero inferiores ao 150 % do mesmo, sempre que na unidade familiar estean integrados dous ou máis fillos, recoñécese unha bonificación do 50% da taxa.*
- *En canto á forma de pagamento, prevese o fraccionamento do pago do prezo público, a solicitude do interesado.*

SEGUNDO.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a publicación.

5.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.-



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas, que funciona simultaneamente como Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, en sesión celebrada o día 19 de xullo de 2012, que no seu literal indica:

“Transcorrido o prazo de exposición ao público do Acordo provisional imposición e ordenación da Taxa por prestación do servizo de depuración de augas residuais, adoptado polo Pleno da Corporación con data 31 de maio de 2012, resulta que, de acordo coa certificación de data 14 de xullo de 2012 que forma parte do expediente foron presentadas as seguintes reclamacións ou alegacións:

- 1. Reclamación presentada por Don Jesús Gerardo Pillado Nuñez, con DNI 77592949B, con NRE 3310/2012, de 28 de xuño de 2012*
- 2. Reclamación presentada por Don Jaime Cancio Rodríguez, con DNI 33843007W, con NRE 3356/2012, de 29 de xuño de 2012*

Considerando o informe emitido polo arquitecto municipal en data 14 de xullo de 2012 relativo ás citadas reclamacións, e, despois de examinar o expediente tramitado para o establecemento da taxa por depuración de augas residuais, e tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.

- Os artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais.

- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que asigna ao Concello Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.

- Os artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais onde se regula o réxime xurídico das taxas das Entidades Locais.

- O Regulamento de vertido e depuración das augas residuais do Concello de Foz en vigor.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Desestimar a reclamación presentada por Don Jesús Gerardo Pillado Nuñez, con DNI 77592949B, con NRE 3310/2012, de 28 de xuño de 2012, no relativo ao exposto sobre o artigo 3 da ordenanza, e á necesidade de recoller exencións para aquel suxeito pasivo "que non poda dispor do servizo por razóns técnicas debidamente xustificadas como poda ser a cota de nivel, que podería obrigar ao veciño a instalar pola súa conta grupos de bombeo", na medida en que o artigo 4 do Regulamento de vertido e depuración das augas



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

residuais do Concello de Foz determina que “o uso da rede de sumidoiros públicos para a evacuación das augas residuais será obrigatorio para os usuarios domésticos ou asimilados cuxo establecemento estea a unha distancia inferior a 100 metros do alcantarillado público máis próximo... estes usuarios adoptarán as previsións necesarias e realizarán as obras precisas para que o vertido de augas residuais se produza na mencionada rede de sumidoiros”, así como na esixencia do artigo 9.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que non permite recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais, non estando recollido ningún tipo de beneficio para a circunstancia actual.

Estimar parcialmente a reclamación presentada no tocante ao artigo seis da ordenanza, engadindo o seguinte parágrafo no mesmo, relativo á actuación en relación cos suxeitos pasivos que utilicen o servizo e non estean conectados a auga de traída municipal:

"No caso de que os usuarios non estean obrigados a dispor de contador de auga por non empregar o servizo de abasto de auga potable municipal, e, en consecuencia non poda determinarse o consumo real, contribuirán polo mínimo bimestral correspondente".

Segundo. - Desestimar a reclamación presentada por Don Jaime Cancio Rodríguez, con DNI 33843007W, con NRE 3356/2012, de 29 de xuño de 2012, no relativo ao exposto sobre o artigo 3 da ordenanza, e á necesidade de recoller exencións para aquel suxeito pasivo "que non poda dispor do servizo por razóns técnicas debidamente xustificadas como poda ser a cota de nivel, que podería obrigar ao veciño a instalar pola súa conta grupos de bombeo", na medida en que o artigo 4 do Regulamento de vertido e depuración das augas residuais do Concello de Foz determina que “o uso da rede de sumidoiros públicos para a evacuación das augas residuais será obrigatorio para os usuarios domésticos ou asimilados cuxo establecemento estea a unha distancia inferior a 100 metros do alcantarillado público máis próximo... estes usuarios adoptarán as previsións necesarias e realizarán as obras precisas para que o vertido de augas residuais se produza na mencionada rede de sumidoiros”, así como na esixencia do artigo 9.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que non permite recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais, non estando recollido ningún tipo de beneficio para a circunstancia actual.

Estimar parcialmente a reclamación presentada no tocante ao artigo seis da ordenanza, engadindo o seguinte parágrafo no mesmo, relativo á actuación en relación cos suxeitos pasivos que utilicen o servizo e non estean conectados a auga de traída municipal:

"No caso de que os usuarios non estean obrigados a dispor de contador de auga por non empregar o servizo de abasto de auga potable municipal, e, en consecuencia non poda determinarse o consumo real, contribuirán polo mínimo bimestral correspondente".

Terceiro.- Aprobar con carácter definitivo a imposición da taxa por prestación do servizo de depuración de augas residuais, así como a Ordenanza Fiscal reguladora da mesma, quedando redactada do seguinte xeito:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

*ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE
DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS*

Artigo 1º.-Fundamento e natureza

Este Concello conforme ao disposto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4,r) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por prestación do servizo de Depuración de Augas Residuais, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do Real Decreto citado.

Artigo 2º.-Feito Impoñible.-

Constitúe o feito impoñible deste tributo, a prestación polo Concello de Foz dos servizos de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais canalizadas a través da rede de sumidoiros municipal

Artigo 3º.-Devengo

Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento que se inicie a prestación do servizo suxeito a gravame, entendéndose iniciado:

- Dende a data de presentación da solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

- Cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal obxecto da presente regulación.

O servizo de depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais ten carácter obrigatorio para todos os lugares do Municipio en que exista rede de sumidoiros, devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 4º.-Suxeitos pasivos



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas polos servizos de tratamento e depuración de augas residuais de conformidade co disposto no artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terán a consideración de substitutos dos contribuíntes, de acordo co previsto no artigo 23.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os propietarios dos inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 5º.- Responsables.

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria.

Artigo 6º.- Cota tributaria.-

A cota tributaria a esixir pola prestación do servizo calcularase en función da cantidade de auga consumida, conforme ás tarifas seguintes.

Euros/bimestre

<i>1. Consumo doméstico e comercial. Mínimo bimestral 30 m3.....</i>	<i>7,00</i>
<i>Cada m3 de exceso sobre o mínimo</i>	<i>0,10</i>
<i>2. Consumo industrial. Mínimo bimestral 30 m3</i>	<i>11,00</i>
<i>Cada m3 de exceso sobre o mínimo</i>	<i>0,40</i>



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

No caso de que os usuarios non estean obrigados a dispor de contador de auga por non empregar o servizo de abasto de auga potable municipal, e, en consecuencia non poda determinarse o consumo real, contribuirán polo mínimo bimestral correspondente.

Artigo 7º.- Exencións e bonificacións.-

Non se poderán recoñecer outras exencións na presente taxa que as expresamente previstas en normas con rango de lei e as derivadas dos tratados internacionais.

Artigo 8.- Normas de xestión

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta Taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

As altas e baixas que se produzan no servizo de augas, producirán efectos automáticos respecto da taxa de depuración, no caso de contar con rede de sumidoiros a zona concreta onde se produzan.

Cando a cobranza se realice conxuntamente coas taxas polo abasto de auga potable, as cotas entenderanse notificadas a través do recibo emitido pola empresa concesionaria do servizo, sen prexuízo das obrigas de publicación legais que se fagan a través dos correspondentes diarios oficiais.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Artigo 9.- Infraccións e sancións.-

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto. - Publicar o presente Acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza fiscal, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar, en cumprimento do sinalado no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Unha vez debatido, o Presidente somete a votación o asunto, aprobación definitiva da ordenanza fiscal do servizo de depuración de augas residuais, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (3 PP)

Votos en contra: 1 (1 UNIFOZ)

*Abstencións: 2 (2 PSdeG-PSOE)”.
”*

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. Alcalde defende o contido da proposta.

O Sr. Val do PSOE indica que polo seu grupo se vai manter o sentido do voto da aprobación inicial, abstención. Indica que veciños trasladaronlle que hai redes de saneamento a menos de 100 metros pero por exemplo algún caso as vías de ferrocarril impiden conectarse e pide que se teña en conta

O voceiro de UNIFOZ indica que igualmente manterá o sentido do voto da aprobación inicial, e propón a exención de quenes non están conectados e que non teñen o servizo e estén a máis de 100 metros da rede xeral. No medio rural hai casas que non poden verter porque non teñen cota de nivel e hai que poñer pozos de bombeo e polo tanto implica un gasto importante para estas familias que se atopan nesta situación.

O voceiro do BNG indica que mantén o voto porque non sabe o custo real do servizo e polo servizo deficiente da depuración.

O Sr. Alcalde indica que o proposto por UNIFOZ xa está recollido e se fai así.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (PP)
Abstencións: 3 (PSOE)
Votos en contra: 4 (3 UNIFOZ; 1 BNG)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación presentada por Don Jesús Gerardo Pillado Nuñez, con DNI 77592949B, con NRE 3310/2012, de 28 de xuño de 2012, no relativo ao exposto sobre o artigo 3 da ordenanza, e á necesidade de recoller exencións para aquel suxeito pasivo "que non poda dispor do servizo por razóns técnicas debidamente xustificadas como poda ser a cota de nivel, que podería obrigar ao veciño a instalar pola súa conta grupos de bombeo", na medida en que o artigo 4 do Regulamento de vertido e depuración das augas residuais do Concello de Foz determina que "o uso da rede de sumidoiros públicos para a evacuación das augas residuais será obrigatorio para os usuarios domésticos ou asimilados cuxo establecemento estea a unha distancia inferior a 100 metros do alcantarillado público máis próximo... estes usuarios adoptarán as previsións necesarias e realizarán as obras precisas para que o vertido de augas residuais se produza na mencionada rede de sumidoiros", así como na esixencia do artigo 9.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que non permite recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais, non estando recollido ningún tipo de beneficio para a circunstancia actual.

Estimar parcialmente a reclamación presentada no tocante ao artigo seis da ordenanza, engadindo o seguinte parágrafo no mesmo, relativo á actuación en relación cos suxeitos pasivos que utilicen o servizo e non estean conectados a auga de traída municipal:

"No caso de que os usuarios non estean obrigados a dispor de contador de auga por non empregar o servizo de abasto de auga potable municipal, e, en consecuencia non poda determinarse o consumo real, contribuirán polo mínimo bimestral correspondente".

SEGUNDO. - Desestimar a reclamación presentada por Don Jaime Cancio Rodríguez, con DNI 33843007W, con NRE 3356/2012, de 29 de xuño de 2012, no relativo ao exposto sobre o artigo 3 da ordenanza, e á necesidade de recoller exencións para aquel suxeito pasivo "que non poda dispor do servizo por razóns técnicas debidamente xustificadas como poda ser a cota de nivel, que podería obrigar ao veciño a instalar pola súa conta grupos de bombeo", na medida en que o artigo 4 do Regulamento de vertido e depuración das augas residuais do Concello de Foz determina que "o uso da rede de sumidoiros públicos para a evacuación das augas residuais será obrigatorio para os usuarios domésticos ou asimilados cuxo establecemento estea a unha distancia inferior a 100 metros do alcantarillado público máis próximo... estes usuarios adoptarán as previsións necesarias e realizarán as obras precisas para que o vertido de augas residuais se produza na mencionada rede de sumidoiros", así como na esixencia do artigo 9.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que non permite recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

de Lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais, non estando recollido ningún tipo de beneficio para a circunstancia actual.

Estimar parcialmente a reclamación presentada no tocante ao artigo seis da ordenanza, engadindo o seguinte parágrafo no mesmo, relativo á actuación en relación cos suxeitos pasivos que utilicen o servizo e non estean conectados a auga de traída municipal:

"No caso de que os usuarios non estean obrigados a dispor de contador de auga por non empregar o servizo de abasto de auga potable municipal, e, en consecuencia non poda determinarse o consumo real, contribuirán polo mínimo bimestral correspondente".

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo a imposición da taxa por prestación do servizo de depuración de augas residuais, así como a Ordenanza Fiscal reguladora da mesma, quedando redactada do seguinte xeito:

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE
DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

Artigo 1º.-Fundamento e natureza

Este Concello conforme ao disposto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4,r) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por prestación do servizo de Depuración de Augas Residuais, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do Real Decreto citado.

Artigo 2º.-Feito Impoñible.-

Constitúe o feito impoñible deste tributo, a prestación polo Concello de Foz dos servizos de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais canalizadas a través da rede de sumidoiros municipal

Artigo 3º.-Devengo

Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento que se inicie a prestación do servizo suxeito a gravame, entendéndose iniciado:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- Dende a data de presentación da solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

- Cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal obxecto da presente regulación.

O servizo de depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais ten carácter obrigatorio para todos os lugares do Municipio en que exista rede de sumidoiros, devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 4º.-Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas polos servizos de tratamento e depuración de augas residuais de conformidade co disposto no artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terán a consideración de substitutos dos contribuíntes, de acordo co previsto no artigo 23.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os propietarios dos inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 5º.- Responsables.

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Artigo 6º.- Cota tributaria.-

A cota tributaria a esixir pola prestación do servizo calcularase en función da cantidade de auga consumida, conforme ás tarifas seguintes.

Euros/bimestre

<i>1. Consumo doméstico e comercial. Mínimo bimestral 30 m3</i>	<i>7,00</i>
<i>Cada m3 de exceso sobre o mínimo</i>	<i>0,10</i>
<i>2. Consumo industrial. Mínimo bimestral 30 m3.....</i>	<i>11,00</i>
<i>Cada m3 de exceso sobre o mínimo</i>	<i>0,40</i>

No caso de que os usuarios non estean obrigados a dispor de contador de auga por non empregar o servizo de abasto de auga potable municipal, e, en consecuencia non poda determinarse o consumo real, contribuirán polo mínimo bimestral correspondente.

Artigo 7º.- Exencións e bonificacións.-

Non se poderán recoñecer outras exencións na presente taxa que as expresamente previstas en normas con rango de lei e as derivadas dos tratados internacionais.

Artigo 8.- Normas de xestión

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta Taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

As altas e baixas que se produzan no servizo de augas, producirán efectos automáticos respecto da taxa de depuración, no caso de contar con rede de sumidoiros a zona concreta onde se produzan.

Cando a cobranza se realice conxuntamente coas taxas polo abasto de auga potable, as cotas entenderanse notificadas a través do recibo emitido pola empresa concesionaria do servizo, sen prexuízo das obrigas de publicación legais que se fagan a través dos correspondentes diarios oficiais.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.-

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

CUARTO. - Publicar o presente Acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza fiscal, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar, en cumprimento do sinalado no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6.-MOCIÓN UNIFOZ PARA INCLUIR PARTIDA CON CARÁCTER DE URXENCIA PARA REMATAR A INSTALACIÓN DE SANEAMENTO DE SAN ACISCLO.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 19 de xullo de 2012, que no seu literal indica:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

“Que na parroquia de San Acisclo xa fai case 8 anos que se empezou a instalación de saneamento para os veciños.

Que fai varios anos que a mencionada obra está parada, e sen estar en funcionamento a parte que se instalou fai anos, e por conseguinte non hai ningún veciño que teña conectado o saneamento.

Que a parálise de obra, seguramente está a provocar que parte das instalacións da EDAR, se deterioren sen chegar a súa posta en marcha por primeira vez.

Por todo o exposto UNIFOZ, presenta esta MOCIÓN, para solicitar acordo da Corporación, de pedir a Xunta de Galicia:

-Realizar informe do estado no que se encontran as instalacións as que se fai referencia.

-Incluír unha partida con carácter de urxencia para seguir e rematar a instalación de saneamento para todos os veciños/as de San Acisclo.

Debatido o asunto, a Presidencia somete a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe:

Votos a favor: 3 (2, PSOE, 1 UNIFOZ)

Abstencións: 3 (PP)

Acordo da Corporación, de pedir a Xunta de Galicia:

-Realizar informe do estado no que se encontran as instalacións as que se fai referencia.

-Incluír unha partida con carácter de urxencia para seguir e rematar a instalación de saneamento para todos os veciños/as de San Acisclo”.

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O Sr. Cancio defende o contido da moción.

O Sr. Val do PSOE indica que está de acordo coa moción porque son instalacións infrautilizadas e ademais é obrigatorio depurar o que se verte.

O voceiro do BNG indica que está de acordo

O Sr. Alcalde indica que está de acordo e que xa se interesou no seu momento á Xunta pero non existía consignación orzamentaria para facelo, pero xa estaba no programa do PP.

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (5 PP, 3 PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG): unanimidade.

Instar á Xunta de Galicia:

-Realizar informe do estado no que se encontran as instalacións as que se fai referencia.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

-Incluír unha partida con carácter de urxencia para seguir e rematar a instalación de saneamento para todos os veciños/as de San Acisclo.

7.- MOCIÓN BNG CONTRA A SUPRESIÓN DE AULAS E CONCENTRACION DE ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 19 de xullo de 2012, que no seu literal indica:

“A decisión do goberno da Xunta de Galiza de suprimir aulas e reunir menores de Infantil de 3 e 6 anos con rapaces e rapazas de Primaria de 12 anos, que no caso das comarcas de Ourense, por exemplo, afecta a 115 aulas, lévanos a un retroceso de máis de trinta anos, que impide incluso a conciliación da vida laboral e familiar de nais e pais. Esta medida está a ser respondida pola comunidade educativa e pola sociedade galega por resultar nociva para a educación pública e mortal no medio rural, ao quedar desprovistos de aulas, ter que desprazarse ás vilas limítrofes e contribuír ao seu despoboamento, semellante ao acontecido fai trinta anos coas escolas-fogares que arracaba e erradicaba definitivamente do rural a nenos e nenas.

O goberno do PP na Xunta de Galiza impón medidas sen diálogo, mostrando a meirande insensibilidade, sen buscar solucións nin procurar alternativas, agás as que supoñen a desaparición do benestar e das condicións de vida de galegos e galegas que tiñan ganado até agora. Fai días morreu Preescolar na Casa, innovador, adaptado e sostíbel na realidade rural galega, sen que a Xunta movese unha pestana para salvalo, e agora tócalle a educación en xeral coa supresión de aulas de infantil e primaria.

42 aulas serán suprimidas nas comarcas de Ourense, 56 nas comarcas da Coruña, 40 nas de Lugo e 37 aulas nas comarcas de Pontevedra; pero estes datos, recollidos do profesorado e dirección de centros afectados, poden verse incrementados unha vez que nos próximos días vaian aparecendo no Diario Oficial de Galiza as resolucións da Xunta.

Esta brutal decisión do goberno do PP afectará ademais aos cadros de persoal con centos de mestres e mestras menos. Por exemplo, no caso das comarcas de Ourense, como mínimo 70 ensinantes desaparecen nesta primeira fase.

A decisión reduce tamén persoal para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e recorta os comedores escolares e o transporte.

A educación pública é o verdadeiro motor e garantía da igualdade de oportunidades, e o investimento educativo unha das mellores formas de procurar formación e base para o futuro que pon os alicerces para a mellora social, e importante para a saída da crise económica que vivimos.

En Galiza a educación pública xa sufriu un retroceso significativo desde 2009 logo da ocupación da Xunta polo PP e debido a súa política educativa de recortes e falta de atención. Por unha banda, reduciron considerabelmente o número de profesores e profesoras do ensino público e, por outra, incrementou as unidades escolares concertadas e as subvencións encubertas as mesmas, reducindo de xeito constante as bolsas para o alumnado, as axudas aos comedores escolares, ao transporte escolar ou a eliminación de profesorado.

Se a sociedade galega non reacciona e isto non se para, as medidas de guillotina na educación pública que fai o PP irá a maiores. Hoxe sabemos que no próximo curso os recortes e as supresións de unidades educativas serán aínda maiores.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- *Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.*
- *Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.*
- *Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural.*

A Presidencia somete a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (2 PSOE, 1 UNIFOZ)

Abstencións: 3 (3 PP)

Instar á Xunta de Galiza a:

- *Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.*
- *Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.*
- *Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural”.*

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O voceiro do BNG defende o contido da moción.

O Sr. Val do PSOE indica que está a favor o seu grupo anque ten dúbidas de que teña efecto porque se preveé unha redución de profesores na comarca sen dar a cara, non se cubren as baixas dos profesores dende o curso pasado e todo isto diminúe a calidade da ensinanza e atenta contra a igualdade de oportunidades.

O voceiro de UNIFOZ indica que está a favor xa que a política educativa actual está máis preocupada pola escola privada que pola pública de calidade.

O Sr. Alcalde indica que o seu grupo absterase porque non se comparten gran parte dos argumentos da moción; hai ratio medio de 18 alumnos por aula en Galicia e xa anteriores gobernos eliminaron escolas unitarias polo despoboamento rural, como aquí no caso de Vilaronte con menos de 4 alumnos, e asegura que melloraron as condicións educativas dos alumnos.

O voceiro do BNG en segundo turno indica que en varios centros da Mariña hai entre 26-28 alumnos, elimínase profesorado e onde se ve a vontade do goberno é que se van reducindo os orzamentos en educación dende que goberna o PP e aumentan os gastos en centros concertados. Continúa indicando que o PP debería de dicir claramente que cree na educación privada pero que non se vendan cifras porque a educación non está mellor que hai catro anos.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O voceiro do BNG indica que cos datos que da o Alcalde sucede o mesmo que nas listas de espera e omite datos, xa que todo o mundo sabe que se aumentaron as axudas nun 30% para centros concertados, e só basta con mirar como está a rúa cos docentes entre outros protestando.

O voceiro de UNIFOZ respeta o criterio pedagógico dado polo Alcalde sobre os alumnos de Vilaronte pero non vale para xustificar a moción.

O Sr. Alcalde indica que se fala de 18 alumnos de media e afirma que non é lóxico que un profesor dé só 8 horas de clase á semana.

O Sr. Cancio toma a palabra para indicar que non é certo que haxa mestres con 8 horas de clase á semana e que o horario dos mestres é de 23 a 35 horas á semana.

O Sr. Alcalde di que se está a tratar de optimizar recursos e no ensino hai que facelo e que non se pode ocultar a realidade.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (3, PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG)
Abstencións: 5 (PP)

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a:

- Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.**
- Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.**
- Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural.**

8.-MOCIÓN BNG POLO FUTURO DA COMARCA DA MARIÑA.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 19 de xullo de 2012, que no seu literal indica:

“O BNG ve con preocupación a situación que se está a vivir na Mariña dende fai varios anos, onde o drama do paro e as súas consecuencias asolan a nosa comarca provocando situacións dramáticas a máis cidadáns mariñáns cada día, especialmente dende fai tres anos, coincidindo coas mudanzas no goberno galego, o incremento do paro co desmantelamento industrial e a pobreza non fixo mais que incrementarse ofrecendo cifras alarmantes.

Dende xuño de 2009 ata o 1 de xuño de 2012 o desemprego incrementouse o 52% na comarca da Mariña, mentres nese mesmo tempo medraba un 38% no conxunto de Galiza e un 32% no Estado. Estamos asistindo polo tanto ao desmantelamento industrial en toda regra dunha comarca que tiña un tecido produtivo importante e que era unha das economías máis



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

dinámicas da Galiza oriental. Na Mariña estanse a producir expedientes de regulación de emprego a diario que supoñen despedimentos definitivos na maioría dos casos e temporais noutros.

Sucedeu na Cerámica de Sargadelos (113 traballadores/as afectados). Gres Burela 39 traballadores afectados (sen traballo dende hai máis de 3 anos), empresas en concurso de acredores, como Construcións Mon, o peche de Aglomerados ECAR, en Mondoñedo que supuxo o despedimento de 65 traballadores/as e a eliminación dunha fábrica que levaba funcionando dende o ano 1964, o ERE de Mobles Hermida de Lourenzá que supuxo o despedimento de 75 traballadores. Nos últimos meses unha nova ameaza está a causar gran preocupación entre a poboación ao afectar á multinacional Alcoa se non se logra unha tarifa eléctrica máis baixa que garanta o futuro dunha empresa vital para a Mariña, para o seu comercio e para os milleiros de empregos indirectos que xera.

O declive económico acentúase ate límites imposíbeis de aceptar e soportar e, ou somos quen de mudar as políticas económicas que nos levaron a esta situación, ou a vida da maioría da xente das nosas vilas non fará máis que empeorar. De non sermos capaces de reverter esta situación, a destrución de emprego e de expectativas de moitas persoas no presente fará imposible un futuro para a comarca. Isto é máis dramático se cabe cando vemos que a Mariña, perde poboación ano a ano e que ve como se destrúe o potencial económico que tiña. Nunca a Mariña estivo peor. Ante a peor crise dende hai decenios existe un goberno galego incapaz e que está a aumentala ata límites insoportables. O goberno de Feijoo nin está nin se lle espera, non ofrece solucións nin esperanzas.

Diante desta situación o goberno do PP segue empeñado en aplicar recorte tras recorte e o desmantelamento dos servizos públicos básicos como a sanidade, o ensino e os servizos sociais con políticas fracasadas que aumentan a crise, as desigualdades sociais e castigan ás persoas máis vulnerables, a pensionistas, a dependentes, ou á mocidade. Ao PP tan só lle preocupan os beneficios da banca e dos especuladores financeiros e consinte que os causantes da crise, os que deixaron buratos negros nas caixas galegas superiores aos 10.000 M€, os que estafaron a milleiros de aforradores galegos coas preferentes, estean tan tranquilos nas súas casas con indemnizacións súper millonarias. Temos un goberno ausente que non sabe ou non quere exercer as súas competencias. Unha conselleira de Traballo que se enteira dos problemas das empresas pola prensa e que se dedica a xestionar centos de ERES como unha mera xestoría e un conselleiro de Economía e Industria que bate records de desmantelamento económico e industrial na comarca.

Feijoo e o seu goberno están a ser o brazo executor que manexa a piqueta de demolición de miles de postos de traballo, son os responsables de precarizar as condicións laborais e eliminar dereitos sociais e laborais conquistados despois de moitas loitas de traballadores e cidadáns durante séculos.

Necesitamos un goberno que traballe para os cidadáns, para as maiorías, que busque fórmulas que permitan conservar o emprego na comarca, que desenvolva e poña en práctica planos de industrialización e desenvolvemento económico cribles e efectivos, alternativas reais de emprego para os traballadores e traballadoras afectados. Que poñan todos os recursos e instrumentos con que contan ao servizo das persoas e en definitiva á creación de emprego. O primeiro son as persoas, as maiorías sociais e o emprego. Non hai excusas. A xente demanda solucións xustas e actuacións efectivas, basta de propaganda de desculpas e de enganos.

Polo exposto, instase á corporación municipal a apoiar os seguinte ACORDO:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- 1º) *Instar ao Goberno do Estado a poñer en marcha unha tarifa eléctrica que garanta a continuidade dos 2.000 postos de traballo existentes na actualidade na Multinacional Alcoa e empresas auxiliares.*
- 2º) *Demandar da Xunta de Galiza un Plano Estratéxico para o Hospital das Costa que recolla a súa ampliación e incremento da carteira de servizos.*
- 3º) *Solicitar aos gobernos Galego e Estatal un Plano de Industrialización para a Comarca da Mariña así como apoio a iniciativas de auto emprego que permita a creación de postos de traballo na Comarca da Mariña.*
- 4º) *Instar á Xunta de Galiza a un compromiso claro cos servizos públicos a fin de incrementar as prazas e prestacións nos centros de ensino, de maiores e escolas infantís.*
- 5º) *Remitir o acordo ás administracións competentes da Xunta e Goberno do Estado e aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego así como no Congreso e Senado.*

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, que é aprobada por unanimidade de tódolos membros presentes:

Votos a favor: 6 (3 PP, 2 PSOE, 1 UNIFOZ)

- 1º - *Instar ao Goberno do Estado a poñer en marcha unha tarifa eléctrica que garanta a continuidade dos 2.000 postos de traballo existentes na actualidade na Multinacional Alcoa e empresas auxiliares.*
- 2º - *Demandar da Xunta de Galiza un Plano Estratéxico para o Hospital das Costa que recolla a súa ampliación e incremento da carteira de servizos.*
- 3º - *Solicitar aos gobernos Galego e Estatal un Plano de Industrialización para a Comarca da Mariña así como apoio a iniciativas de auto emprego que permita a creación de postos de traballo na Comarca da Mariña.*
- 4º - *Instar á Xunta de Galiza a un compromiso claro cos servizos públicos a fin de incrementar as prazas e prestacións nos centros de ensino, de maiores e escolas infantís.*
- 5º - *Remitir o acordo ás administracións competentes da Xunta e Goberno do Estado e aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego así como no Congreso e Senado”.*

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O voceiro do BNG defende o contido da moción.

O Sr. Val do PSOE indica que está totalmente de acordo coa exposición do BNG e calquera que coñeza a situación da Mariña sabe que o problema acrecéntase dende que o goberno galego está gobernado polo PP. Estase asistindo á morte da Mariña e o goberno da Xunta está impasible ante esta situación, e o camiño do goberno do Estado é o mesmo.

O voceiro de UNIFOZ indica que hai carencias importantes nesta comarca e hai que potenciala sobre todo nesta época de crise.

O Sr. Alcalde indica que votará a favor o seu grupo anque non esté de acordo con manifestacións da exposición de motivos porque temos un goberno sensato e creible e falan de ALCOA onde se presentou un modelo energético fraudulento que apoiaron e o prezo da enerxía eléctrica ven de aquí; se está a pagar a enerxía máis cara de Europa e estas multinacionais non poden manter aquí as instalacións con estes custos de electricidade. Manifesta a súa decepción pola última manifestación de Viveiro montada polos sindicatos de ALCOA e na que o BNG asumiu un protagonismo vergonzoso. Indica que hai un mes e pico se reuniron varios Alcaldes



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

da Mariña co Presidente da Xunta e lle fixeron ver a preocupación por esta zoa, e a mema foi transmitida ao Presidente do Goberno. O seu grupo vai votar a favor pero pide que o BNG se deixe de demagoxia.

O voceiro do BNG indica que aumentou o paro na comarca con respecto a outras zoas. Non está de acordo co que indica o Alcalde da manifestación, e non foi cousa do BNG; o BNG indica que defende aos traballadores e os postos de traballo e indica que habería que ter outra política industrial, e conclúe que o PP está enganando á xente.

O voceiro do PSOE indica que cando o PP fala do plan director do hospital calquera sabe que é porque se está en período preelectoral, igual que a via de alta capacidade que non se fixo, pero a percepción do que está pasando é distinto do que dí o PP, que está arruinando o país polos recortes e cré que se vai polo camiño equivocado.

O voceiro de UNIFOZ indica que hai que buscar solucións estratéxicas para ALCOA que é un motor económico da comarca. Sobre a manifestación indica que non lle gusta ir detrás da bandeira do BNG, que é un mal xeito, e se debe de ir debaixo dun eixe común non das bandeiras dun grupo, porque entón habería que levar as bandeiras de todos.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (5 (PP; 3, PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG): unanimidade.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

- 1º - Instar ao Goberno do Estado a poñer en marcha unha tarifa eléctrica que garanta a continuidade dos 2.000 postos de traballo existentes na actualidade na Multinacional Alcoa e empresas auxiliares.**
- 2º - Demandar da Xunta de Galiza un Plano Estratéxico para o Hospital das Costa que recolla a súa ampliación e incremento da carteira de servizos.**
- 3º - Solicitar aos gobernos Galego e Estatal un Plano de Industrialización para a Comarca da Mariña así como apoio a iniciativas de auto emprego que permita a creación de postos de traballo na Comarca da Mariña.**
- 4º - Instar á Xunta de Galiza a un compromiso claro cos servizos públicos a fin de incrementar as prazas e prestacións nos centros de ensino, de maiores e escolas infantís.**
- 5º - Remitir o acordo ás administracións competentes da Xunta e Goberno do Estado e aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego así como no Congreso e Senado.**

9.-MOCIÓN BNG SOBRE A CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA E DUN CENTRO DE DÍA EN FOZ.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 19 de xullo de 2012, que no seu literal indica:

“O 27/03/2008 os tres grupos políticos da Corporación Municipal de Foz (PSOE, PP e BNG) acordaron solicitar da Xunta de Galiza unha Residencia de Anciáns para Foz que



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

contase cun Centro de Día, facendo as xestións oportunas ao mesmo tempo para conseguir que o Patroado do Asilo de Foz cedese os terreos necesarios.

Vicepresidencia da Xunta de Galiza comprometeuse en agosto de 2008 a construír dita Residencia con Centro de Día a través das declaracións do Vicepresidente da Xunta de Galiza unha vez que os terreos estiveran a disposición da Xunta (Voz de Galicia, 21 de agosto de 2008). Dita intención vese ratificada en escrito da Unidade Técnica de Obras e Proxectos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (nº de rexistro 1586) contestando ao ofrecemento dos terreos por parte do Concello relacionando as características que deberían reunir.

O 15/10/2008 o Patroado do Asilo acordou por unanimidade ceder 4.000 metros cadrados de terreo nunha finca anexa ao edificio do Asilo para que a Xunta construíra alí unha nova Residencia de Terceira Idade con Centro de Día incluído (Centro Residencial de Día). Estes terreos foron postos a disposición da Xunta, con toda a documentación precisa, polo Concello de Foz.

O día 28/05/2009 a Corporación Municipal de Foz, por unanimidade dos tres grupos, acorda “instar á Xunta de Galiza á construción no prazo máis breve posíbel dunha Residencia de Terceira Idade con Centro de Día, como estaba previsto á raíz dos acordos entre a Consellería de Vicepresidencia e o Concello de Foz. Que a Residencia teña capacidade para 100 persoas como mínimo e o Centro de Día para 50 como mínimo tal e como estaba programado e comprometido. Que a súa apertura non se demore máis alá dos 3 anos desde a data actual”.

O Concello de Foz é o segundo en poboación da Mariña despois de Viveiro sendo ao día de hoxe o único que non conta con Centro de Día nin con unha Residencia que cumpra con todos os requisitos técnicos e dotacionais axeitados aos tempos modernos. Incluso poboacións da Comarca da Mariña con menos peso poboacional contan actualmente con Centro de Día e/ou Residencia.

No Concello de Foz están censados ao redor de 2.300 maiores de 65 anos, o Concello está adherido ao Consorcio e os terreos que ofrecen no contorno do actual asilo teñen a cualificación de solo dotacional tanto no Plan Xeral de Ordenación Municipal en trámite como nas Normas Subsidiarias.

Ao día de hoxe, non se sabe cales son as intencións da actual Xunta de Galiza respecto da construción deste Centro Residencial con Centro de Día, sendo urxente e máis necesaria que nunca. O único que se sabe é que existe un “estudo” –por chamarlle dalgunha maneira– sobre a viabilidade do proxecto –cousa que non se lle requiriu a ningunha outra localidade da Mariña– e a realización dun proxecto urbanístico aínda sen presentar.

Por todos estes motivos, o BNG presenta os seguintes acordos para a súa aprobación en Pleno:

- 1) Instar á Xunta de Galiza a realizar a construción dunha Residencia de Terceira Idade con capacidade para 80 persoas e dotada de Centro de Día para 40 persoas.*
- 2) Instar ao Goberno Galego da Xunta de Galiza a incluír unha partida nos Orzamentos autonómicos do 2013 que garanta o inicio das obras nesa anualidade e o seu remate no ano seguinte.*
- 3) Trasladar estes acordos aos grupos políticos do Parlamento Galego, á Xefatura Territorial de Lugo e á Xunta de Galiza.*



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Unha vez rematado o turno de debate, pola Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, conforme ao literal que se transcribe, que é aprobada por unanimidade de tódolos membros presentes:

Votos a favor: 6 (3 PP, 2 PSOE, 1 UNIFOZ)

- *Instar á Xunta de Galiza a realizar a construción dunha Residencia de Terceira Idade con capacidade para 80 persoas e dotada de Centro de Día para 40 persoas.*
- *Instar ao Goberno Galego da Xunta de Galiza a incluír unha partida nos Orzamentos autonómicos do 2013 que garanta o inicio das obras nesa anualidade e o seu remate no ano seguinte.*
- *Trasladar estes acordos aos grupos políticos do Parlamento Galego, á Xefatura Territorial de Lugo e á Xunta de Galiza”.*

Aberto o turno de debate teñen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese:

O voceiro do BNG defende o contido da moción.

O voceiro do PSOE indica que parécelle un tema suficientemente importante como para ir a Pleno e ser debatido e entende esta infraestrutura como totalmente necesaria para o concello

O voceiro de UNIFOZ indica que xa se presentaron outras mocións neste sentido, pero indica que ata 2015 non haberá unha maqueta.

O Sr. Alcalde indica que o PP no Parlamento de Galicia presentou unha moción para a elaboración dun plan de viabilidade desta instalación en Foz e tiñeron coñecemento desto os veciños a través da Asociación do Castro e os grupos municipais e se propuxeron prazos e a contratación dun proxecto. Se pedía residencia e centro de día con versatilidade da edificación, e contratouse o proxecto no que unha empresa da Mariña está traballando; ese é o compromiso da Consellería e vai máis aló xa que se asinou un convenio entre o concello e a Consellería de traballo e benestar para favorecer aos maiores de Foz e axudar con 120.000,00 euros ao asilo de Foz. O PP está traballando neste tema.

O voceiro do BNG indica que o que dí o Alcalde de que no 2013 haberá partida para o xeriátrico de Foz, dubídase, e igual cando o Alcalde di que haberá xeriátrico a finais desta lexislatura, e pide que concrete prazos.

O voceiro do PSOE indica que mentres non vexa ningún indicio claro seguirá o seu grupo votando a favor de mocións como esta, xa que as promesas son promesas.

O voceiro de UNIFOZ indica que non ten dúbida da unanimidade desta moción; o estudo presentado é urbanístico e é un teatro comedia e dí que o resto dos pasos sexan máis serios e se se acadaron 120.000,00 euros, o seu grupo felicita ao Alcalde e quere saber se ese proxecto ten prazo de entrega, que é contestado nese momento polo Alcalde, de que é a finais de ano. O Sr. Cancio prosigue indicando que a partida para 2013 se existe felicitará ao Alcalde pola xestión.

O Sr. Alcalde conclúe indicando que esta lexislatura estará feito o asilo de Foz e que no 2013 haberá partida económica.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (5 PP; 3, PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG): unanimidade.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

- **Instar á Xunta de Galiza a realizar a construción dunha Residencia de Terceira Idade con capacidade para 80 persoas e dotada de Centro de Día para 40 persoas.**
- **Instar ao Goberno Galego da Xunta de Galiza a incluír unha partida nos Orzamentos autonómicos do 2013 que garanta o inicio das obras nesa anualidade e o seu remate no ano seguinte.**
- **Trasladar estes acordos aos grupos políticos do Parlamento Galego, á Xefatura Territorial de Lugo e á Xunta de Galiza.**

Preguntado polo Sr. Alcalde se algún grupo ten algunha moción urxente: o BNG presenta moción sobre as medidas económicas e a reforma do réxime local do goberno do PP.

O Goberno central vén de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das Comunidades Autónomas con competencias como é o caso de Galiza, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo.

Baixo o pretexto da crise, pretende impor unilateralmente un modelo centralista local, que impida calquera posibilidade de adaptar á realidade galega o réxime local, alén de limitar a autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potenciar o papel das deputacións provinciais. Incluso, como actuación fronte á crise, trátase dunha proposta de reforma condenada ao fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan a asfixia no financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos para atender as competencias municipais e as crecentes necesidades que as veciñas e os veciños demandan dos concellos.

O obxectivo que se persigue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galiza. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazábel é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país.

Por outra banda, tamén se propón polo Goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por adicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político,



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais.

Tamén a economía dos concellos e o benestar social se verá afectada por medidas xa aprobadas, como son a suba do IVE, a redución salarial que de novo se aplica ás empregadas e empregados públicos, a redución das prestacións por desemprego, a redución do 30% das axudas para adquisición de vivenda para xoves, etc. Todas estas medidas xa foron ensaiadas con anterioridade e non contribuíron á recuperación económica senón que agravaron a situación de recesión.

En suma, un conxunto de propostas cuxo obxectivo, máis que actuar contra a crise desde unha perspectiva social onde se favoreza ás persoas e colectivos máis afectados a través dunha redistribución da renda e da riqueza, inciden na liña de aproveitarse da crise para implantar o programa de máximos da dereita económica, inspirados no dogmatismo neoliberal, que en realidade procura manter os privilexios dos de sempre a costa de recortar dereitos das maiorías sociais.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

- Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes –amplísima maioría dos concellos galegos – potenciando ás deputacións provinciais.
- Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.
- Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.
- Manifestar a nosa oposición a cargar unha vez máis sobre os empregados/as públicos a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE ou co recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.

Xustificada a urxencia polo grupo proponente, a mesma é ratificada por 7 votos a favor (3, PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG) e 5 abstencións (PP)

Aberto o turno de debate, tenen lugar as seguintes intervencións que se transcriben en síntese.

O voceiro do BNG defende o fondo da moción

O voceiro do PSOE indica que está a favor o seu grupo xa que se comparten a maioría das ideas indicadas en canto ás medidas que está a adoptar o goberno do Estado como a eliminación da



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

paga extra, a redución de concelleiros, son medidas demagóxicas que non teñen nada que ver coa realidade e son testimoniais.

O voceiro de UNIFOZ indica que está a favor

O Sr. Alcalde indica que non se anunciou ningunha reforma, só hai unha proposta, e a opinión dos cidadáns é de que hai demasiados políticos. Anuncia que vai reducir a paga extra de decembro igual que os funcionarios e espera que o resto dos responsables públicos fagan o mesmo. Nesta situación, indica hai que tomar medidas.

O voceiro do BNG indica que a xente tamén di que non lle gusta que lle suban os impostos e se suben; estase detraendo dos cidadáns para darlo aos bancos sen dar nada a cambio, e no tema dos funcionarios públicos se está manipulando porque os hai que gañan menos de mil euros. Sobre as Deputacións o BNG votou a favor da súa supresión.

O Sr Alcalde indica que o BNG non cre nas institucións que goberna

O voceiro do PSOE indica que non ten que ver que se participe nunha institución a que se esté de acordo coa súa eliminación pero eso non é incompatible con participar nelas. Insiste en que se trata de medidas electoralistas.

O voceiro de UNIFOZ indica que o sentir xeral dos cidadáns é reducir políticos pero non cre que se trate de concelleiros no que se pensa e se debería de empezar por arriba, Diputados, Senadores... ou regularizar a cantidade de asesores que hai.

O Sr. Alcalde indica que cántos asesores hai na Deputación de Lugo. O Sr. Feijoo reduciu as Consellerías, e altos cargos e coches oficiais e leva tres anos por diante do resto dos gobernos. O Alcalde apoia as Deputacións e pensa que ten obxeto para pequenos concellos, outra cousa é o uso que se faga dela.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (3 PSOE; 3 UNIFOZ; 1 BNG)

Votos en contra: 5 PP

Resultando aprobado o seguinte acordo:

- **Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes –amplísima maioría dos concellos galegos – potenciando ás deputacións provinciais.**
- **Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.**
- **Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.**



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- **Manifestar a nosa oposición a cargar unha vez máis sobre os empregados/as públicos a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE ou co recorte nas prestación ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.**

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

PSOE

- **A recollida de lixo nas parroquias non pasa máis que unha vez e non dúas como debería. O Alcalde indica que houbo unha avaría nun dos camións que provocou incidencias, pero que se está a facer como indica a ordenanza.**
- **A petición de usuarios do camiño da carga rógase que se acondicione éste así como os solares urbanos que estaban destinados a aparcamento que se atopan nunha situación de abandono.**
- **As parroquias se sinten discriminadas polo apagado do alumeadado público porque quedan as escuras e se teñan en conta as casas para que non queden as escuras, e menciona o caso concreto de Vilaronte, o que se contesta que se debe de tratar dunha avaría.**

UNIFOZ

- **Rúa Gardería/rúa concello de Barreiros que hai sinal que non se ve porque hai unha árbore e a sinalización horizontal que non se pintou o paso de peóns cando se arranxou a rúa que se solucione.**
- **Que doten de máis contenedores de vidro sobre todo no medio rural**
- **Limpeza na Avda. da mariña e os barrios de Vilaxoane, que está descoidada, e que as vallas metálicas na zoa da casa de cultura o día que veu o Sr. Feijoo estaban operarios limpando e roga que se procure que se manteñan limpos sempre.**

BNG

- Que o corte na pista que baixa a Peizás que se arranxe; indícase que está solucionado**
- Limpeza de algunhas zoas nas que os operarios non están limpando**
- Presenza dos municipais en horas punta de entrada e saída das praias nas zoas de confluencia deben de estar pendente porque hai moito tráfico.**

PREGUNTAS

PSOE

- Cesión do local de Peizás a escola de surf.**

O Alcalde indica que está case listo

- Subvención de apoio a concellos para política de igualdade non estaba Foz na relación de concellos beneficiarios e quere saber por qué non se pediu**



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Alcalde indica que se contestará no seguinte Pleno porque hai que comprobalo

- O dragado do Porto en qué situación se atopa

O Alcalde indica que os informes sectoriais están na Consellería de medio ambiente e na de Pesca e sae de Portos de Galicia o informe definitivo sobre o cambio de ubicación do punto de vertido, e asúmese o retraso polo cambio de ubicación xa que é o mellor para todos. É un contrato negociado a adxudicación do dragado do canal que implicará dous meses máis ata o mes de novembro.

UNIFOZ

-Por qué non se mantén a mesma axilidade de limpeza nos escenarios de festa en todos os casos, como en San Martiño e non tanto en Cangas

O Alcalde indica que os organizadores da festa de Cangas non solicitaron ao concello a limpeza e a comisión do Carme preveu a limpeza.

-Por qué hai trato discriminatorio entre locais na hora de peche e na colocación das sillas, aplicando nun caso a ordenanza e noutros non, e pregunta se se poden colocar mamparas e pide que se sexa máis rigurosos.

O Alcalde indica que hai locais que cumpren os horarios e outros non e a Policía Local obxetivamente van a os locais que non cumpren, pero non hai ningún tipo de arbitrariedade na vixianza da policía local. Nas terrazas sabe a problemática que hai de anarquía nese sentido.

-Nos casos onde se sacan as luces do alumado público que non se manteña a farola onde se corte a luz a partir dunha hora e que a farola non se manteña no lugar onde estaba porque se está deteriorando. E se se vai sacar a concurso o mantemento do alumado público que xa venceu.

O Alcalde indica que se trata de facer medidas de aforro sen inversión se non son subvencionadas. A modo de exemplo menciona dúas subvencións ao 50% para aforro enerxético e non se poden aceptar porque o concello non ten o outro 50%. Estase pendente dunha subvención da Xunta de Galicia de 58.000 euros para instalar aparatos de redución de fluxo. Na auditoría enerxética que se está a facer se indica que hai 5.200 lamparas e se está esperando a finalizar o mesmo para sacar o contrato para que o mesmo forme parte do Prego da adxudicación, e mentres está prorrogado o contrato anterior.

Sobre o custo da rotonda de Foz que se preguntou por UNIFOZ no anterior Pleno e non se deu resposta remitíndose á seguinte sesión, indica o Alcalde que o custo foi de 950,00 euros.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as vinte e tres horas e cincuenta minutos do día vinte e seis de xullo de 2012, do que como Secretaria dou fe e certifico.-

Vº e Pr.

O Alcalde-Presidente,
Asdo.-Javier Jorge Castiñeira.